

BOS VECIÑOS

[Hafsteinn Gunnar Sigurðsson, 2017]

425

ESTREA EN NUMAX: 10.08.2018 | V.O.S.E. | +16

Undir trénu (2017, 89')

Dirección: Hafsteinn Gunnar Sigurðsson

Guión: Huldar Breiðfjörð, Hafsteinn Gunnar Sigurðsson

Elenco: Steinþór Hróar Steinþórsson, Edda Björgvinsdóttir, Sigurður Sigurjónsson, Þorsteinn Bachmann, Selma Björnsdóttir, Lára Jóhanna Jónsdóttir

Son: Sylvester Holm, Frank Mølgaard, Björn Viktorsson

Montaxe: Kristján Loðmfjörð

Vestiaro: Margrét Einarsdóttir

Dirección de arte: Margrét Einarsdóttir

Música: Daníel Bjarnason

Fotografía: Monika Lenczewska

Produtoras: Netop Films, Madants, Profile Pictures (Islandia, Polonia, Dinamarca)

Formato de proxección: DCP2K, 2.35:1

Idioma orixinal: Islandés

FILMOGRAFÍA

Paris of the North, 2014

Either Way, 2011

PREMIOS E FESTIVAIS

Venecia 2017 (Sección oficial), Zurich

2017 (Mención especial), Austin 2017

(Mellor comedia), Hamptons 2017

(Mellor filme)

SINOPSE

Tras unha suposta infidelidade, Atli é expulsado da súa casa pola súa muller, que non lle permite ver máis á súa filla. Vese obrigado a mudarse a casa de seus pais, que están envoltos nunha pelexa cos seus veciños debido a que a súa imponente e fermosa árbore dá sombra no patio deles. Mentres Atli loita por ver a súa filla, a confrontación veciñal intensifícase até límites insospeitados. *Bos veciños* é unha comedia negra sobre o civismo hipócrita da clase media.

«Mestura case perfecta de comedia negra e drama familiar»

Deborah Young, THE HOLLYWOOD REPORTER



“Chegamos ao punto no que a nosa existencia no planeta está ameazada”

Entrevista con Hafsteinn Gunnar Sigurðsson

De onde nace a idea do filme, baséase nun incidente real? Huldar Breiðfjörð, coautor do guión, e máis eu comezamos a falar sobre esta idea hai máis ou menos unha década. A ambos fascinábanos a idea de facer un filme sobre liortas veciñais. O que me estimulaba desta idea era que estes conflitos poden ser absurdamente divertidos, xa que xiran arredor de asuntos menores que, porén, poden ir a máis. Ás veces poden ser moi violentos, mesmo con xente respectábel que perde a súa dignidade e autocontrol.

As historias sobre veciños que rifan sobre árbores son moi coñecidas en Islandia e, de feito, esta está dalgún xeito inspirada nun incidente real, aínda que o guión se desenvolve de maneira completamente ficticia. O que tamén é importante é saber que as árbores non son moi comúns en Islandia, polo que se tes unha vella e fermosa árbore no teu xardín, é pouco probábel que a queiras talar. Por outra parte, se esa árbore dá sombra sobre o teu xardín, quererás que desapareza, porque tampouco imos sobrados de sol en Islandia. É o tipo de dilema que por desgraza é difícil de resolver diplomáticamente.

Como traballas para te asegurar de que todos os personaxes son convicentes, individualmente e en conxunto? Supoño que un sempre traballa coas cualidades preexistentes noutra xente, mesmo en ti, para construír os teus personaxes. Para min, suceden moitas cousas cando comeza o traballo cos actores; é daquela cando os personaxes que poboan o filme tornan tanxíbeis. Por suposto, os actores achegan moito, e ás veces empregámoslos como referencia a coñecidos mutuos. Dito isto, non diría que os actores estean a imitar a xente real ou nada parecido. E se o fan, non mo din!

De certo que é moi importante sermos claros na caracterización, para que todos os personaxes clave na historia sexan recoñecíbeis, de tal maneira que os espectadores poidan entendedos e diferenciarlos, independentemente de que estean ou non de acordo coas súas accións. Gozo moito traballando iso cos actores, na construción dos personaxes. Gústame ensaiar moito antes de filmar e sempre tento facelo nas localizacións antes de que comece a fotografía. Os actores dinme adoito que atopan este método moi valioso, que lles axuda a aforrar tempo e descubrir por eles mesmos as localizacións, sen o estrés e o caos que habitualmente supón que todo o equipo de rodaxe estea presente.

Hai algún filme que inspirase visualmente *Bos veciños*? Sempre hai outros filmes ou directores que inflúen no teu proceso creativo, pero o truco é agochalos para que non resulten obvios e espero telo conseguido aquí. Hai algúns

filmes que discutín coa directora de fotografía, Monika Lenczewska, entre os que están as obras de Michael Haneke, Joachim Trier, Ruben Östlund, David Lynch, Lynne Ramsay, Derek Cianfrance, por nomear algúns. Como podes ver, de moitos directores distintos, e a súa influencia sobre o noso filme non foi directa. O que fixemos foi empregar o seu traballo para atopar puntos en común mentres definíamos a nosa idea do guión.

Ves o filme como un conto moral sobre a nosa época, sobre o que pode ocorrer cando a coexistencia e o compromiso comecen a fallar? Hai certas cousas terríbeis que semellan flotar no aire hoxe en día, e coido que chegamos ao punto no que a nosa existencia neste planeta está ameazada. Se miramos a principal narrativa da nosa época, o cambio climático, é xusto iso. O mundo globalizouse e adoptou un determinado estilo de vida, mais semella que non é sostíbel. Tedos temos idénticos obxectivos, e realmente temos que nos comprometer dun xeito ou outro a sermos considerados cos demais. E se non, estaremos a arriscar o futuro dos nosos fillos. Aínda temos tempo. É esa maneira de pensar e de vivir, terriblemente individualista, a que alimenta a nosa sociedade capitalista.

Publicado en <http://laaventuraaudiovisual.com>
Tradución: Xan Gómez Viñas

NA LIBRARÍA NUMAX

Sparrows, Rúnar Rúnarson. Surtsey [DVD]

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

Abónate
agora e ven
sempre por

4€

Novas tarifas
válidas a partir
do 6 de xullo

Faite
NUMAX!